



RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PROGRAMA TEMPORAL 2026.

O Concello de Vilagarcía de Arousa e a Consellería do Medio Rural veñen de asinar o 15-05-2025 un Convenio de Colaboración para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente polo fondo Europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027.

Por elo pola presente Resolución veño a aprobar as bases reguladoras da convocatoria de probas selectivas para o nomeamento como funcionarios/as interinos/as para o desenvolvemento do programa temporal correspondente as actividades previstas no mentado Convenio de Colaboración para o ano 2026 na prevención e defensa contra incendios forestais, e prazo de duración máximo de tres meses.

Esta selección rexerá polas seguintes bases xerais e no seu caso polas específicas. Para todo o non previsto nestas Bases Xerais, e sen prexuízo da xerarquía normativa, será de aplicación supletoria o establecido na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, no Real decreto Lexislativo 5/2015 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia e demais lexislación concordante, que sexa de aplicación, en particular na Orden APU/1461/2002 de 6 de xuño pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino (BOE 15 de xuño 2002).





PRIMEIRO. Obxeto da convocatoria.

E obxecto da presente convocatoria a selección, polo procedemento de concurso-oposición libre, de 3 postos de peón de brigada (Grupo AP, nivel CD 9 CE 34); 1 peón-condutor (Grupo AP, nivel CD 9 e CE 34) e 1 xefe de brigada (Grupo C1, nivel CD 13 e CE 32), para prestar servizos no Concello de Vilagarcía de Arousa, mediante nomeamento como funcionario interino para a execución do programa temporal na tempada do ano 2026 do Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Vilagarcía de Arousa, cofinanciado parcialmente co FEADER. A duración do programa temporal será de 3 meses.

SEGUNDO. Requisitos dos aspirantes.

Para tomar parte na oposición será necesario:

- a) Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público en redacción dada polo Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 outubro. Así mesmo, poderán participar, en igualdade de condicións que os españois, os estranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter máis de 18 anos.
- c) Posuír a titulación que lles sexa esixible para o acceso á función pública aos funcionarios do grupo AP/E Certificado de Escolaridade ou equivalente: para os postos de Peón e Peón-condutor.

Para o Xefe de Brigada posuír a titulación que lles sexa esixible para o acceso á función pública aos funcionarios dos grupo ou subgrupos A2, B ou C1 das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en xestión forestal e do medio natural, Técnico en aproveitamento e conservación do medio natural, Técnico en Emerxencias e Protección Civil, ou formación profesional equivalente.

O posto de Xefe de Brigada e o posto de Peón –Condutor deberán ademáis estar en posesión do carné de conducir tipo B.

- d) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial





e) No padecer enfermidade nin eiva física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do cargo.

g) Non estar incurso en causa de incapacidade nin inhabilitado ou suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo de calquera das Administracións Públicas.

TERCEIRO. Data e lugar da proba selectiva:

O anuncio da presente convocatoria publicarase nun dos diarios de maior difusión de Galicia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello ([sede.vilagarcia.gal//RRHH-Emprego//Procesos selectivos](http://sede.vilagarcia.gal//RRHH-Emprego//Procesos%20selectivos)). O resto dos anuncios do proceso selectivo publicaranse na sede electrónica do Concello ([sede.vilagarcia.gal//RRHH-Emprego//Procesos selectivos](http://sede.vilagarcia.gal//RRHH-Emprego//Procesos%20selectivos)).

Os/as candidatos/as interesados/as deberán presentarse coa documentación orixinal acreditativa dos requisitos esixidos nas presentes bases para ser admitidos/as o mesmo día da proba de oposición.

A selección realizarase o vindeiro día 24 de xullo de 2026 as 9:00 horas no Auditorio Municipal (Seminario nº1), Praza da Segunda República nº1. Realizándose nesa data o proceso selectivo coa proba de oposición eliminatoria.

Asemade os candidatos/as deberán asistir con roupa deportiva apta para a realización posteriormente das probas físicas.

A presentación as probas presupón a aceptación das presentes bases de selección e dos seus Anexos.

CUARTO. Tribunal.

O Tribunal/ Comisión de Selección:

1. Estará constituído polos seguintes membros:

Presidente: D. Francisco Guillán Busto

Presidente suplente: D. Manuel Linares Fernández

Secretaría: D^a. Sonia M^a Santos Castiñeira

Secretaría Suplente: D^a. Belén García-Malvar Suárez





Vocais: D. Manuel Plaza Rodríguez
D. Manuel Linares Fernández
D. Angel Oubiña Alvarez

Vocais suplente: D. José Oliveira Casás

2. A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, a lo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

A Comisión seleccionadora queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

As indemnizacións por asistencia como membros da Comisión seleccionadora faranse efectivas de acordo co disposto no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servicio, categoría primeira.

4. Poderán nomearse asesores do tribunal.

5. Deberán absterse de formar parte do Tribunal os membros que incorran en algunha das circunstancias previstas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de “Régimen Jurídico del Sector Público”. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido na Lei 40/2015.

QUINTO. Exercicios da selección.

1. A selección dos aspirantes efectuarase polo sistema de concurso-oposición libre e constará de dúas fases:

a) Oposición.

2. Os exercicios da oposición serán os seguintes:

1) Primeiro (de carácter obrigatorio e eliminatorio): A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo III. Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 20 preguntas tipo test, con 3 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de media hora para a súa realización. Por cada dúas respostas erradas descontarase unha pregunta correcta. As respostas en branco non contarán negativo.





A proba cualificarase polo tribunal de **cero a dez puntos**, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a.

2) Segundo: (de carácter obrigatorio e eliminatorio): Consistirá en realizar as probas físicas que se especifican no anexo II e será cualificado de **apto ou non apto**.

3). Coñecemento da lingua galega. O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará de cero a 2 puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un punto para superala. Esta proba poderá substituírse pola acreditación do coñecemento da lingua galega mediante a presentación do título do CELGA 2 (terá a mesma validez posuír a certificación de aptitude do curso de lingua galega regulados na Orde do 1 de abril de 2005 de INICIACIÓN) para o posto de peón e peón -conductor. Para o posto de Xefe de Grupo será o CELGA 4 ou certificado de Perfeccionamento regulados na Orde do 1 de abril de 2005.

O resultado desta proba calificarase como **apto ou non apto**.

b) Concurso de Méritos. O Tribunal avaliará os méritos que aleguen os aspirantes, debidamente xustificadas, conforme o seguinte baremo e ata un máximo total de 5 puntos:

b.1 Por cada ano de servicios prestados como voluntario de Protección Civil. Segundo o disposto na lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia, no artigo 59, Disposición adicional primera. Reconocimiento de actividades del voluntariado.

- 0,5 puntos por cada ano de traballo. Ata 4 puntos como máximo.

b.2 A asistencia a cursos será avaliada polo Tribunal da seguinte forma:

-En materias relacionadas co posto de traballo (0,05 por cada 10 horas). Ata un máximo de 1 punto.

Para a fase de concurso de méritos os aspirantes deberán achegar na data da proba da oposición ou no prazo que se indique polo Tribunal: Currículo Vitae e orixinais dos xustificantes dos méritos que aleguen para ser valorados. Os méritos presentaranse nunha relación/resumo segundo o baremo recollido nas presentes bases. No caso de entregar





fotocopias a comisión seleccionadora poderá solicitar a exhibición dos documentos orixinais para o seu cotexo.

3. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos nos seus dereitos os opositores que non comparezan a realizalo a hora fixada, salvo os casos debidamente xustificados e libremente apreciados polo Tribunal, para os que poderá realizarse unha convocatoria extraordinaria.

SEXTO. Cualificacións.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e concurso, máximo de 17 puntos.

No caso de empate a comisión seleccionadora solicitará información mediante declaración xurada sobre a situación socio-familiar dos candidatos-candidatas aos que afecte o empate, resolvéndose o mesmo segundo os seguintes criterios:

Número de membros da unidade familiar a cargo do/a aspirante	Puntos
1	0,75
2	1,25
3	1,50
>4	2,00

Antigüidade como demandante de emprego:

Menos de 1 ano	0,25
1 ano ou máis	0,75
Máis de 18 meses	1,00
Máis de 2 anos	1,25
Máis de 3 anos	1,50
Máis de 4 anos	2,00

En caso de que persista o empate este resolverase por sorteo.





SETIMA. Lista de aprobados.

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados/as os/as que, tendo en conta o número de postos, obtivesen as notas máis altas. No caso de renuncias poderase realizar chamamentos segundo a relación ordeada de candidatos/as aprobados/as.

OITAVA. Curso de formación e recoñecemento médico

Os/as aspirantes que superasen a fase de oposición do proceso de selección deberán participar nun curso de formación segundo o previsto no anexo II do Convenio de Colaboración ao que se refire a presente convocatoria.

Asemade deberá superar un recoñecemento médico específico segundo o previsto na cláusula sexta do citado convenio de colaboración.

Aqueles aspirantes que unha vez nomeados como persoal funcionario interino non superen o curso de formación ou o recoñecemento médico perderan tal condición por non ter superado o período de prácticas, e será ofertado o posto ao seguinte candidato/a en puntuación.

Durante o período de prácticas os/as funcionarios/as interinos percibirán as retribucións propias do posto de traballo que desempeñen.

NOVENA. Presentación de documentos e contratación

Os/as candidatos/as propostos/as para a súa contratación deberán incorporarse ao posto de traballo segundo as indicacións do Concello de Vilagarcía, non tendo dereito a retribución algunha ata a efectiva contratación e incorporación ao posto de traballo.

Deberán presentar nas oficinas do Concello os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- a) D.N.I.
- b) Titulación esixida pola convocatoria
- c) Declaración xurada ou promesa de non estar incurso en causa de incapacidade, non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública, ni estar inhabilitado ou suspendido para o exercicio de funcións públicas e de no ter sido condeado por delito doloso.
- e) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou eiva física que lle impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

Quen dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación, ou do exame da mesma se deducise que carece dalgúns dos requisitos sinalados nas bases,





non poderá ser contratado e quedarán anuladas súas actuacións, sen perxuízo da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade.

DECIMA. Impugnación e supletoriedade.

Esta selección rexerá polas seguintes bases xerais e, de ser o caso, polas específicas. Para todo o non previsto nestas bases xerais, e sen prexuízo da xerarquía normativa, será de aplicación supletoria o establecido na Lei de Réxime Xurídico do sector público e na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas, no Real decreto Lexislativo 5/2015 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia e demais lexislación concordante, que sexa de aplicación, en particular na Orden APU/1461/2002 de 6 de xuño pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino (BOE 15 de xuño 2002).

A presente convocatoria, as bases, e tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da comisión seleccionadora, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

DÉCIMO PRIMEIRA: Datos Persoais e dereitos dixitais

En cumprimento do disposto no “REGLAMENTO (UE) 2016/679 DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (RXPDP)”. E a Lei Orgánica 3/2018 de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, se informa as persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter persoal por elas facilitados serán incorporados a un rexistro de actividade coa finalidade da selección de persoal, e se lles recoñece a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Vilagarcía de Arousa, Praza Ravella nº1, a través da sede.vilagarcia.gal ou no email ddp@vilagarcia.gal





Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Vilagarcia de Arousa a proceder ao tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como á publicación dos mesmos nos taboleiros de anuncios, na páxina web do Concello e na sede electrónica: sede.vilagarcia.gal . A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección supón o consentimento expreso para tratar a información nos termos indicados.





ANEXO I

Modelos autorización probas médicas e cuestionario probas físicas

1.3.5 Modelo de autorización para someterse a las pruebas medicas.

Apellidos:

Nombre:

DNI:

Autorizo por la presente al Equipo Médico del Reconocimiento Médico de Selección de plazas del especialista de incendios forestales, a que me efectúen las exploraciones médicas necesarias, la extracción y analítica de sangre, y la analítica de orina de los siguientes parámetros:

Análisis de sangre:

Hemograma completo, fórmula leucocitaria, glucosa, colesterol total, G.O.T. (A.S.T.) G.P.T. (A.L.T.), gamma glutamil transpeptidasa (G.G.T.), fosfatasa alcalina, hierro.

En caso de dar elevada tasa de transaminasas, se efectuará la determinación del anti HBc y del Ag HBs.

Análisis de orina:

Densidad, pH, anormales.

Detección de drogas: opiáceos, Cannabis, Metabolitos de cocaína.

Sedimento: Análisis citológicos.

Al mismo tiempo declaro que me estoy administrando la siguiente medicación:

(Indicar el nombre comercial de los medicamentos)

Y para que así conste firmo la presente autorización en:

....., a.....de.....de

Fdo.....





1.3.1 Cuestionario de aptitud para el ejercicio físico (c-aef).

- ¿Le han dicho alguna vez su médico que tiene un problema cardiaco?
- ¿Tiene usted dolores frecuentes en el pecho?
- ¿Siente con frecuencia sensaciones de mareo o amagos de vértigo intenso?
- ¿Le ha dicho algún médico en alguna ocasión que su tensión arterial es demasiado elevada?
- ¿Le ha dicho algún médico alguna vez que padece usted un problema óseo o articular, como artrosis, que se ha agravado con el ejercicio, o que puede empeorar con él?
- ¿Existe alguna razón física no mencionada aquí por la que no debería seguir usted un programa de ejercicio aunque lo deseara?
- ¿Tiene usted mas de 65 años y no está acostumbrado al ejercicio intenso?
- Si alguien responde que si a alguna de estas preguntas, los ejercicios intensos o las pruebas de esfuerzo han de posponerse y debe buscarse autorización médica.

Fuente: PAR-Q Validación Report. British Columbia Department of Health, junio 1975. (versión revisada).





ANEXO II Probas físicas.

Probas Selectivas.

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

II.1. Potencia tren inferior: salto vertical. Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará cos dedos a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente cos mesmos dedos o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

-Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.

-Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

-Permítese dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo.

HOMES	42 cm
MULLERES	32 cm

II.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo:

HOMES	3'45''
MULLERES	4'00''





ANEXO III Proba de coñecementos. Temario.

1. A prevención de riscos laborais. Normas de seguridade e hixiene laboral.
2. A defensa contra incendios forestais en Galicia
3. Comportamento do lume. Factores que inflúen na evolución do lume.
4. Ferramentas, EPI e comunicacións
5. Primeiros Auxilios
6. Traballo con vehículo motobomba
7. Liñas de defensa.
8. Os Plans PLADIGA e PEIFOGA





ANEXO IV

INSTANCIA/SOLICITUDE

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa

D./^a. _____, con D.N.I. _____, con
endereço a efectos de comunicación en (Rúa/Lugar)
_____, núm. _____,
Municipio _____ Provincia _____ Código postal _____
email _____
Tfns. de contacto: _____, _____, _____

EXPÓN

Que coñecedor/a da convocatoria de probas selectivas de.....

MANIFESTA

Que coñece as bases/criterios de selección desta convocatoria

Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas citadas bases/criterios de selección.

Que autoriza ao Concello de Vilagarcía de Arousa ao tratamento dos seus datos persoais.

Que acompaña a documentación requerida.

Por todo isto, **SOLICITA**

Que previos os trámites oportunos teñan por presentada, en tempo e forma, a presente instancia/solicitud, e na súa virtude procedan a admitir ao/á que subscribe ás probas da convocatoria de referencia. E realizar as probas de selección en lingua (marque unha):

- ☐ Galego ☐
- ☐ Castelán ☐

Asdo.:

Vilagarcía de Arousa, ____ de _____ de 2026





Concello de
Vilagarcía de Arousa
Negociado de Recursos Humanos

Praza Ravela, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 ext. 323 · F 986 501 109
CIF: P/3606000 B
persoal@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

Vilagarcía de Arousa, *na data da sinatura electrónica.*

O Alcalde-Presidente
D. Alberto Varela Paz

A Secretaria Xeral
D^a. M^a Rosa Losada Suárez



Verificación en: <http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/I97JHWLQMBEXY1AG>